

SEPE

Instrución de Formación

23/11/2023

NOVA INSTRUCIÓN DE FORMACIÓN

A Mesa Delegada de Formación ven de negociar unha nova Instrución de formación. As principais modificacións son as seguintes:

- Garántese o dereito da representación sindical a obter a documentación necesaria para facer propostas e peticións, así como coñecer as incidencias que se produzan nas comisións provinciais.
- As actas das reunións das comisións provinciais deberán recoller o acontecido na reunión e non só os acordos adoptados. Deste xeito quedará constancia das incidencias que poida haber.
- Mantense a garantía de poder realizar cursos aínda que non formen parte do propio itinerario formativo (sempre que as prazas non estean todas cubertas polos aspirantes que si o teñan no seu itinerario).
- O persoal con horario reducido terá dereito a unha compensación horaria sempre que o curso forme parte do seu itinerario formativo.

O SEPE aceptou case todas as propostas da CIG. Non obstante, seguiremos esixindo a compensación horaria cando a asistencia ós cursos requira desprazamentos fóra do horario laboral, medida que a Subdirección Xera de Recursos negase a aceptar actualmente.